



FAI AGORA CEN ANOS, O 30 DE OUTUBRO DE 1920 saía á rúa, en Ourense, o primeiro exemplar da publicación máis senlleira das nosas letras, a revista *Nós*. Ata 1936 imprentáronse un total de 144 números. Páxinas e páxinas de modernas e comprometidas -reflexións, estudos e noticias, que a editorial Galaxia tivo a ben reeditar en edición facsimilar en 1979 nun total de seis grosos volumes. Os índices que pechan esta reprodución, inda que incompletos, foron preparados con moito coidado, polo comprometido Ben-Cho-Shey quen, en ordenada listaxe, presenta unha nómina que supera os 210 autores. Entre eles, tan só oito son mulleres. Tan poucas, que paga a pena reproducir os seus nomes completos. Velaí van.

Dúas, relativamente coñecidas nas letras galegas, Francisca Herrera Garrido (1865-1950) e Margot Sponer (1898-1945). A terceira, Annie MacSwinwey (1872-1942), estranxeira como Sponer, foi unha audaz intelectual irlandesa. As cinco que faltan para sumar as oito sinaladas -Dolores Fernández Quintás, Purificación González Feijoo, Josefa Rodríguez Vázquez, María Sánchez Fernández e Carmen Somoza Pato-, eran estudantes de Maxisterio na Escola Normal de Ourense; discípulas pois de Vicente Risco, amigo de promover nas súas aulas a recollida de literatura popular. El parece telas alentado e disposto á publicación dos seus traballos.

Curiosamente, esas mestras das que tan pouco sabemos, publican xuntas no número 123, o máis «feminizado» de *Nós*, o do 15 de marzo do 34. Fano na sección «Arquivo Histórico e Etnográfico de Galicia», en pouco máis de tres páxinas. Cada unha responsabilízase dun breve relato de cuxo texto non son autoras, senón compiladoras. Por esta orde: María Sánchez aparece baixo «Zorro por lebre», recollido en Meliás, concello de Coles. Na páxina seguinte, Carmen Somoza, quen, tamén no 32, asina en San Miguel de Berredo, A Bola, un relato ambientado en Celanova; o protagonista, un tal Venancio das Pitas, é un astuto ladrón, especializado en enganar e atracos sen violencia. A seguir, tócalle a quenda a Purificación González quen rubrica, desde Penosíños, Ramirás, a poucos quilómetros de Ourense, o relato «O corpo do delito», ambientado en «Santamaria a Graña» (Lugo?) «aló polos anos da primeira guerra carlista». Un relato curto que conta como un abade, expulsado da súa reitoral tras ser ocupada polos carlistas e as súas amantes, apresúrase a queimar todas as camas cando logra regresar a casa. Na mesma páxina, encontramos «O que subiu a pedra ou baixou a estrela», asinado por Dolores Fernández, «ambientado na aldea de Navín, en Quiroga». Finalmente, tócalle a quenda a Josefa Rodríguez que recolleu en San Esteban de Atán, Pantón, «Os de Chouzán».



Se estas mulleres firman un único e brevísimo escrito, a situación non mellora demasiado nas tres restantes. Sponer e MacSwiney, limítanse tamén a cadanseu traballo e só Herrera Garrido rompe a pauta cando asina un total de tres, en anos diversos. Ela é, de feito, a primeira sinatura feminina nas páxinas de *Nós*; en 1921, no sexto número, onde atopamos o ensaio «A muller galega», inzado de tópicos e afastado de calquera modernidade. Xusto catro anos despois, aparece a noveliña «A neta da naipeira» e o Día de Galicia do 31, o poema «A nosa nai Galiza».

Máis interesante se nos antolla o papel xogado por Annie MacSwiney, irmá do alcalde republicano de Cork, Irlanda, morto tras unha dura folga de fame mentres permanecía no cárcere por defender os seus ideais. Licenciada na Universidade de Dublín, MacSwiney, que escribe expresamente para a revista, demostra ser unha muller culta e politicamente comprometida. O seu nome e a súa suxestiva relación cos homes de *Nós* merecen, sen dúbida, un traballo de investigación máis completo.

A filóloga alemá Margot Sponer, publica en 1927 *Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega*, onde afirma que lle provoca tristura observar o estado da lingua galega excesivamente exposto á contaminación do castelán. Remata o texto afirmando esperanzada que se «en Cataluña iste nobre ideal púdose impor, tamén en Galiza cecais [...] purificarase o doce e fermoso idioma galego».

Pese a que Ana Acuña, meticulosa e brillante comisaria da exposición *De Nós a Nós*, nos ofrece algunhas decenas máis de nomes femininos – informantes do Arquivo Filolóxico ou simples mencións ao longo dos anos –, parece que aquilo de que «os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete» que tan alegremente proclamaban as «Primeiras verbas» que inauguraban a revista en outubro de 1920 non foi exactamente así. Ás cifras nos remitimos: de 210 autores, oito mulleres, o 3,81%; de 144 números, só seis inclúen un texto asinado con nome feminino, o 4,17%. Un século despois, os números teñen aumentado moito, inda non o suficiente.

Luzes

Nº 87 | 2020 5€

Matar o pai

Os fillos dos xenocidas arxentinos que renegan da súa orixe.

Antucho Seixido

O ferrolán que coñeceu na URSS a Harvey Lee Oswald e foi revolucionario en Cuba.

Almoína, o galego asasinado por Trujillo

O republicano que foi secretario do dictador dominicano e acabou morto por orde súa.

As vidas dos presos nos campos nazis

Perfis de nove dos galegos deportados aos *stalag*, contada por investigadores e parentes.

Os informes dos «secretas» sobre o nacionalismo galego

O que policía franquista sabía sobre o galeguismo antifascista no ano 68.

O PNV agromou na Guarda

Luis, o irmán de Sabino Arana que o introduciu no nacionalismo, formouse en Camposancos.

A memoria das pequenas cousas

Unha exposición que recolle os obxectos cotiáns atopados nas foxas ou gardados pola familia.

Coetzee, fotógrafo antes que Nobel

As fotos que o escritor surafricano fixo de mozo, gardadas no faiado da que foi a súa casa.

As historias silenciadas

Hai cousas que non son verdade ata que se contan. Por iso é preciso escribilas.



9 772387 140211